

## ÓXIDOS DE NITRÓXENO:

### RAMÓN VARELA CONTESTA AO GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

1. A lexislación relativa a mellora da calidade do aire, RD 102/2011 . BOE de 29 de xaneiro 2011 define aos óxidos de nitróxeno como:

*“A suma, en partes por mil millóns en volume de monóxido de nitróxeno NO e dióxido de nitróxeno NO<sub>2</sub>, expresada como concentración máscica de dióxido de nitróxeno en microgramos por metro cúbico (ug/m<sup>3</sup>)” .*

2. Os datos ofrecidos por min aos medios de comunicación sempre foron de Óxidos de Nitróxeno (suma de dous gases), os datos a que fai referencia a Xunta son de dióxido de nitróxeno (un gas). Outra cousa distinta é que algún medio de prensa puidera mixturar, cambiar ou confundir ambos – como sucedeu no único xornal que parecen ler nesa Consellería- e referirse ao dióxido cando debía poñer óxidos, e o mesmo sucede cando na prensa se refire as concentracións e datas concretas, pero este cambio xa non é da miña responsabilidade.

3. A lexislación deixa claro que cando se refire aos valores límite de dióxido de nitróxeno tamén se refire aos valores límite de óxidos de nitróxeno. Como vai lexislar sobre unha parte (o dióxido de nitróxeno) e deixar sen límite legal o total, os óxidos de nitróxeno? É mais, o monóxido de nitróxeno tamén é tóxico e convertese rapidamente en dióxido de nitróxeno. Concentracións de 200 microgramos/m<sup>3</sup> como umbral máximo horario aplicase tanto para dióxido de nitróxeno como para os óxidos de nitróxeno e 400 microgramos/m<sup>3</sup> para alerta e límite legal tanto para dióxido de nitróxeno como para óxidos de nitróxeno. A Consellería de Medio Ambiente ao afirmar que o límite legal non se aplica aos óxidos de nitróxeno mal interpreta intencionadamente a lexislación vixente pero seguro que coñece perfectamente a problemática ambiental dos óxidos de nitróxeno. A lexislación pode parecer ambigua, pero é moi precisa e moi técnica, outra cousa é querer aplicala. Para os que nos preocupamos polo meio ambiente e que mesmo somos profesores de Ciencias da Terra, a lexislación está moi clara: existe límite legal para os óxidos de nitróxeno.

4. A Consellería curiosa e intencionadamente non se refire aos datos de óxidos de nitróxeno, que son os que eu analizo e que presentan concentracións elevadas e problemáticas. So se limita a focalizar o problema no dióxido de nitróxeno, un dos dous gases incluídos nos óxidos de nitróxeno .

5. Por todo o anterior, **reitérome** no afirmado publicamente :

No que levamos de mes de febreiro do 2011, e cos datos recollidos pola propia Consellería de Medio Ambiente, que figuraban na páxina web da Xunta, na columna de datos Óxidos de Nitróxeno (NO<sub>x</sub>), as urbes galegas superaron en algún momento os límites horarios de OXIDOS DE NITRÓXENO e unha cidade Ourense superouna 18 veces .

Día	hora	Concentración de óxidos de nitróxeno	Día	hora	Concentración de óxidos de nitróxeno
2/02/2011	19 h	273,57 ug/m <sup>3</sup> (NO <sub>2</sub> )	7/02/2011	19	225,78 ug/m <sup>3</sup> (NO <sub>2</sub> )
2/02/2011	20 h	376,19 ug/m <sup>3</sup> (NO <sub>2</sub> )	7/02/2011	20	467,54ug/m <sup>3</sup> (NO <sub>2</sub> )
2/02/2011	21 h	372,18 ug/m <sup>3</sup> (NO <sub>2</sub> )	7/02/2011	21	591,81 ug/m <sup>3</sup> (NO <sub>2</sub> )
2/02/2011	22 h	287,22 ug/m <sup>3</sup> (NO <sub>2</sub> )	7/02/2011	22	463,96 ug/m <sup>3</sup> (NO <sub>2</sub> )
2/02/2011	23 h	262,5 ug/m <sup>3</sup> (NO <sub>2</sub> )	7/02/2011	23	398,74 ug/m <sup>3</sup> (NO <sub>2</sub> )

Situación similar dáse no día 8/02/2011 con 8 horas das 24 horas do día con valores superiores a 200 ug/m<sup>3</sup> e con picos horarios de 432,92 as 9h da mañan. Por outro lado estes

picos horarios non son novos, senón que nun Informe publico dado a coñecer por ADEGA o ano pasado os Óxidos de Nitróxeno en Ourense xa aparecían en picos horarios con altas concentracións, pero non foi motivo de ningunha contestación da Xunta, – claro que a noticia non aparecía no periódico que len na Consellería, pero si na primeira páxina e destacado en páxinas interiores de algún xornal escrito en galego que a Xunta non parece ler-

6. Proba da mala intención da Consellería e a utilización torticeira da lexislación é que onte día 10, en todo o día, non se puideron ver os datos de contaminación que aparecían antes na páxina web da Consellería de Medio Ambiente <http://aire.medioambiente.xunta.es/datos.jspe>. En concreto non se puideron contrastar os datos ofrecidos por ambas partes. A Xunta sen explicación, retirou – secuestrou porque é obrigatoria a información pública por normativa europea- os datos obxecto de debate, desapareceron da páxina web non só os datos dos meses de xaneiro e febreiro senón todos os de anos pasados. Hoxe esperemos que ofrezan aos cidadáns os datos dos rexistros.¿Pero quen retira unha información básica nun momento que servía para aclarar unha situación que a Xunta fixo polémica?
7. Debo aclarar que Galicia emite só na industria según o rexistro de emisións PRTR-España 19.565.000 Kg de óxidos de nitróxeno (NOx/NO2), **é dicir o 7,15% do total do Estado**. Os 4 principais focos contaminantes industriais segundo o rexistro mencionado, dous están na Coruña (C. Térmica As Pontes e Repsol), un terceiro está no norte de Lugo( Alumina), **pero o cuarto está en Ourense (COREn) e este está no municipio de Ourense cunha emisión de 1,5 millóns de kg/ano**. Si a estas emisións lle sumamos as emisións do transporte, calefaccións... ¿Onde pensa a Xunta que se están estas emisións tóxicas? ¿Porque nega a realidade?
8. Por último dicir que ao manifestar a Xunta que non aplica límites legais aos Óxidos de Nitróxeno calquera cidadán pode preguntarse que límite aplica ? ningún? É que os óxidos de nitróxeno non son problemáticos para o aparato respiratorio e cardiovascular,? Non irritan a gorxa e os ollos, non xeran door de cabeza, non irritan e xeran tos, non debilitan ao sistema inmune? Non prexudican as plantas e animais? Non forman choiva ácida e acidifican o solo?

Ramón Varela Díaz

Doutor en Bioloxía pola Univeridade Autónoma de Madrid.  
Catedrático de Bioloxía e Xeoloxía  
Profesor de Ciencias da Terra.  
Ex- Presidente de ADEGA

Santiago, 11 de febreiro de 2011